

17 DE MAIO
PRECISAMOS
DO GALEGO:
xustiza,
igualdade
e cohesión




CARTA ABERTA A RICARDO CARVALHO CALERO

María Pilar García Negro

Hai trinta anos que nos deixou fisicamente, mais as súas sabias palabras continúan a resoar en nós, como tesouro de afecto, de admiración, de intelixencia e de amor con obras ao povo galego. Vostede dixo e escribeu que a lingua galega, para viver, debe sobrevivir. Nessas estamos. Os seus estudos, os seus artigos, analizaron perfectamente a impostura radical da lexislación constitucional e estatutaria verbo da normalización necesaria da lingua de noso. Aínda por riba desta limitación, acumulamos anos e anos –décadas– de incumprimento sistemático das cativas normas favorábeis ao uso social e público do galego. A última década resulta particularmente escandalosa no maltrato que as autoridades autonómicas usan para co galego: non se trata xa de o contemplar como un mal menor, un ritual prescindíbel ou un símbolo vougo, senón que se procedeu directamente a legislar na súa contra, a confinalo aínda máis do que xa estaba, a fomentar descaradamente a españolización por todas as vías: ensino, medios de comunicación, sociedades públicas... Non se trata só dun desprezo pasivo, senón da exclusión organizada con toda a prepotencia e, ao tempo, con todo o servilismo á indiscutida lingua oficial do Estado.

Fíxose, desde a mal chamada autonomía, o contrario do que a lingua galega precisaba. Ela, a lingua galega, necesitaba un constante e sostido exercicio de uso promovido desde os poderes públicos, desde todas as institucións; unha promoción atenta ao uso xurídico, ao uso comercial, ao uso eclesiástico, ao uso mediático, ao uso administrativo, ao científico, ao publicitario, ao uso cultural en xeral, ao audiovisual e cinematográfico, ao de novas técnicas de comunicación e difusión... Un exercicio de construción e de avaliación de resultados, para, sobre a marcha, irmos corrixindo e innovando todo o que fixer falta. O que vostede expresou tan ben no título dun artigo que case ten cuarenta anos: «O uso do galego para todo». Tal necesidade non se atendeu; antes ben, desprezáronse as actividades, o combate pro-galego, a mobilización cívica de tantas e tantos galegos a prol de poderen vivir con normalidade en galego, as 24 horas do día e os 365 días do ano, nen máis nen menos que en calquer lingua das que definimos como normais na sociedade respectiva.

Benquerido profesor, non esquivamos a nosa responsabilidade, isto é, a de todas e todos nós, galegas e galegos, que nos recoñecemos no povo do mesmo nome e queremos exercer non só os nosos dereitos de uso e devolución do noso idioma senón que tamén nos sentimos vinculados a un deber inescusábel: o de sermos dignos de quen nos precedeu, non adorando lápidas senón continuando o seu labor dignificador da lingua, amándoa con obras e non só con palabras que leve o vento. Este espello de responsabilidade queremos ter sempre presente. Se a cuestión da lingua non se menciona especificamente como tal, creamos a impresión de que xa non precisa unha acción permanente ou, aínda peor, de que nos conformamos resignadamente co que hai: a compracencia na subordinación, na pequenez, na domesticidade mal entendida, na limitación vista como natural e inevitábel. O que vostede denominou «unha lingua ritual, reservada, confinada, refreada, conxelada, e, polo tanto, esmorecida, reprimida, asfixiada, acadarmada. E consecuentemente, unha lingua ferida de morte». Así se pronunciaba vostede hai case cuarenta anos, e isto é mesmamente o que queremos conxurar de vez.



Unha lingua non pode denominarse normal se non posúe os atributos de tal: ha de ser ubicua, capilarmente circulante por toda a sociedade, con efecto multiplicador, renovábel e atenta a todas as necesidades comunicativas, científicas, expresivas e estéticas do mundo actual. Nen máis nen menos. Para isto precisamos que todas e todos os nosos compatriotas a sintan, a pensen e a practiquen como sinal irrenunciábel, como sacramento conferidor de personalidade, de todos nós, povo galego.

Don Ricardo, a persoa e obra de vostede foinos –e énos– axuda imprescindible nesta tarefa colectiva. Temos na lembranza unha súa intervención pública memorábel: foi, xustamente, a que clausurou o encontro sobre os problemas e as necesidades da nosa lingua de que derivou a constitución da MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. Tal aconteceu en Compostela, en Abril de 1986. Desde aquela data a hoxe, queremos comunicarlle que as nosas demandas, as nosas reclamacións, a nosa loita pro-galego foi ratificada e corroborada por non poucos organismos internacionais, desde a Unesco até a propia ONU, pasando por diferentes instancias europeas. Todo isto nos conforta, mais, naturalmente, o campo de ampliación e de dignificación da nosa lingua seguímolo tendo aquí, na Galiza. Somos nós, galegas e galegos, os lexítimos propietarios da nosa lingua. Somos, igualmente, os responsábeis de que ela perviva non como unha reliquia ou un monumento literario senón con toda a práctica que aínda lle falta: para a vida de todos os días, para toda a sociedade, para a fala e a escrita, para ouvila e para lela de forma xeral, para non ter que a procurar, cal detectives, en cápsulas controladas.

Conceder dereitos con tal de que non se exerzan é artificio cínico e malsán. Nós queremos exercelos con toda a consciencia e con todas as consecuencias prácticas e visíbeis. Como vostede indicou: «Hai que ganhar ou recuperar para o uso normal do galego aqueles sectores sociais que hoje teñem como lingua normal o castellano». Esta é unha tarefa á que queremos convocar, co amor, o respeito e o afán que a causa da lingua merece, toda a poboación galega e, nomeadamente, todos os mozos e mozas en cuxa man está a digna perpetuación viva do noso idioma. Somos galegas e galegos. A mellor forma de que esta condición se exteriorice, de que non se disimule, de que se admita coa necesaria naturalidade e orgullo, é a práctica da nosa lingua.

Neste Día das Letras Galegas, a vostede dedicado, manifestámoslle o noso afecto, a nosa memoria agradecida, a débeda con vostede contraída, débeda e exemplo que queremos converter en actos positivos para a lingua que vostede tanto e tan ben tratou e arrequeceu.

A nosa fonda aperta.

Galiza, 17 de Maio de 2020

Todo o día:

- Pendura a bandeira galega da túa xanela ou varanda
- En **queremosgalego.gal** haberá cartaces para imprimires e colorearen as crianzas. Que se vexan en xanelas e varandas!
- Partilla nas redes mensaxes escritas, de vídeo, de audio... a favor do galego
- Utiliza as etiquetas **#PrecisamosDoGalego #QueremosGalego #Eufalogalego**

Ás 12h:

- Maníféstate nas redes sociais
- Partilla fotografías, vídeos de manifestacións anteriores, actos pola lingua

Ás 13h:

- Sae á xanela a cantar: «**A fala**» (letra: Manuel María; música Uxía/Sérgio Tannus)

A FALA

O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pesar máis profundo.

O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.

Manuel María
As rúas do vento ceibe, 1978

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.

O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
¡Se perdemos a fala
non seremos ninguén!

Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
¡Precisamos a lingua
se queremos vencer!

